

**Antón Reixa: “Hai moitos anos que cansei dese tal Reixa,
paréceme algo prosma”**

Ana Salgado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SALGADO, ANA (2011 [2008]). “Antón Reixa: ‘Hai moitos anos que cansei dese tal Reixa, paréceme algo prosma’”. *Protexta*: 8, 2-5. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/912>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SALGADO, ANA (2008). “Antón Reixa: ‘Hai moitos anos que cansei dese tal Reixa, paréceme algo prosma’”. *Protexta*: 8, 2-5.

* Edición dispoñíbel desde o 15 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

Antón Reixa

«Hai moitos anos que cansei dese tal Reixa, paréceme algo prosma»

Do *Silabario da turbina* (1978) ao *Látego de algas* (2008), trinta anos e un non querer falar do tempo nestoutra sala de espera. Na coordenada do lugar saíran con certeza Vigo e *Viva Galicia Beibe* (1994), libro que, estando na memoria, nunca se dá aprendido. De por parte, a distancia entre a mira do francotirador e o ollo da cámara, entre o impacto e o afago. Quedou por preguntarlle ao Reixa de agora se, independentemente do barrio onde lles poñan a caseta, os cans se volven algunha vez heavis ás noites para ladrar pesado. // Ana Salgado // Fotos: Olalla Lojo

Non é fácil, de ir sen plano da cidade, atopar Filmanova, produtora audiovisual, como non o é dar hoxe co poeta que escribiu para o disco *Fracaso tropical* (1988) aquilo de "hai galegos que nin triunfan nin fracasan porque decidiron ostentar a súa condición de tales e eses son os más resentidos". Comezar polo principio, falar amodo, Reixa, ruido, riso, remanente.

Que pensas que quedou de Rompente, ademais da advertencia de que aquilo fa en serio?

De Rompente quedou fundamentalmente un interese por todo o que é multimedia e interdisciplinar. A memoria que teñen da súa producción, ademais daquela apostila pola modernidade tanto na expresión coma na posta en escena, ese sentido interdisciplinar, foi o que me marcou para o resto da miña actividade profesional e artística. Teño aí unha boa reserva espiritual.

Es dunha quinta que andades no medio século. Como ves a historia do rock 'n' roll, Atlántica, Siniestro, logo dos anos que pasaron?

Se te refires á década dos oitenta, foi a época máis intensa, sobre todo na faceta artística multidisciplinar, e dela teñen a memoria máis viva. Teño unha nostalxía positiva. Aqueles anos, por moi frívulos que fosen, que o eran, efectivamente, foron tamén de moita tolerancia e creatividade e incardinábanse coa conquista popular. Eramos unha xeración de artistas que se inscribe directamente

na cultura do lecer, do que se segue chamando "cultura de masas". Creo que o diálogo coa cultura de masas nesa época foi moi ben afrontado polo que sería a miña xeración artística, fundamentalmente musical.

Que pasou aí, a finais da década dos 50? Deses poucos anos sodes Rivas, Queipo, Navaza, Bieito Iglesias, Chus Pato, Suso de Toro, Romón...

Habería que botar man da medicina xenómica (risos). Os que nacemos na segunda metade dos anos 50 somos aínda moi novos no 68, non temos unha implicación directa, observamos posteriormente, cunha certa distancia. Pero temos suficiente idade para convir cos últimos anos do franquismo, e sobre todo para algo eticamente moi importante: dárnos a oportunidade a nós mesmos de verificar, na medida en que vivimos un momento de ditadura, fundamentalmente de inxustiza, que fixemos algo prohibido en contra dessa ditadura. Esta constatación é moi valiosa no test ético que cada un se aplique a si mesmo. Ter a certeza de que co uso da razón adulta e política convivíches cunha situación inxusta pero te rebelaches dalgunha forma. Por moi críticos que poidamos ser agora con como se expresaba aquela contestación.

Fálasme da túa vida na AP-9? Escribías hai anos que os guindastres de Coia se chamaban todos Josefina. Como se chamán os da Coruña?

Igual, seguense chamando Josefina. Todos os guindastres teñen unha feminidade mecánica que me ten chamado moito a atención. Teño unha atracción especial por unha estética que agora xa sería post-industrial, porque tanto os de obras como os de descarga de barcos mercantes xa están en cambio constante. Pero aqueles guindastres que coñecín a partir do 70 están no imaxinario con esa cordialidade, porque son un neno de cidade, que nace en Vigo nun barrio da periferia, o Calvario. Nazo directamente vinculado a un medio urbano, industrial, e a descuberta de Galicia, coa parte máis rural que ten, é algo que vou aprendendo na vida. Por iso ese contraste coa cultura industrial, no meu imaxinario, representan eses guindastres que están ao lado do mar sempre.

Na presentación do último libro lembraches aquel rapaz que non gañara o concurso literario da Coca-cola. Segue sendo o de poeta o único oficio que escollíches?

Si, exacto. É o único que decidín directamente que quería facer, a pesar de todo, que é constante ao longo de toda a miña vida, por moito que non sexa o que publicamente é máis coñecido. Levo trinta anos publicando poesía en galego. En todo este tempo, por moi variadas que fosen as situaciones profesionais e artísticas nas que me atopase, nunca deixei de escribir. Dáme que esa inclinación de un decidir que é poeta ten algo de maldición, que o leva continuamente a tomar notas, a pensar que calquera momento ou situación serían bons para escribir.



Número 8
Outono 08

Director: Luís Álvarez Pousa

Edita: Atlántica de Comunicación e Información de Galicia SA

Presidenta: Ana Fernández Puentes

Rúa dos Porróns, 8-2º Meixónfrio, 15705 Santiago
Tfn. 981 557 117-19
info@temposnovos.net

Coordinación e edición: Iago Martínez e Aurelio Castro

Corrección lingüística: Xosé M. Pérez Sardiña

Deseño orixinal: Óscar Otero

Maquetación: Andrea López

Xerencia: Fernando de Paz

Publicidade: publicidade@temposnovos.net Tel.- 981 557 119

Impresión: Editorial La Capital SL

Depósito legal: C 3168-2006

Suxestións, dúbidas, queixas e propostas: protexa@temposnovos.net

Traballo e ideas: Xiana Arias, Rebeca Baceiro, Burghard Baltrusch, Manuel Bragado, Anxela Caramés, Delfín Caseiro, Aurelio Castro, Xabier Cordal, Mercedes Expósito, Leo Fernández Campos, Alfredo Ferreiro, Anxos García Fonte, X. Hidalgo Lomba, Bieito Iglesias, María Lado, Alberto Lema, Olalla Lojo (fotografía), David Lombao, Inma López Silva, Isaac Lourido, Moncho Mariño, Xabier P. Docampo, Roberto Pascual, Martín Pawley, Xabier Paz, Montse Pena, Belén Puñal, María Reimóndez, Armando Requeijo, Ana Salgado, Daniel Salgado, José Manuel Sande, Samuel Solleiro, Miguel Vázquez Freire.

Daquela volvamos sobre aquel texto de Ríngorango titulado "Autopoética", sobre aquel "cambio de aceite" que se pode entender como símbiose perfecta entre linguaxe e mundo. Como o les hoxe?

Como o leo?

Si, penso que é o único texto teu que ten ese título.

O último poema de *Látego de algas* tamén é unha especie de manifesto autopoético. A ver, déixame lelo... ["Escrebo en voz alta coa boca chea para dinamitar o ruido do silencio e o zoar dos frigoríficos nas casas baleiras". Ndr.] Pero é curioso, co paso dos anos case me dá a impresión de que máis que unha autopoética, o que enunciaba eu co do "cambio de aceite" era unha reflexión máis formal, máis pop, sobre a expresión poética. Aquí estou nun punto de vista máis filosófico, nunha forma de pensamento sobre como entender a expresión poética. Supoño tamén que, co paso dos anos, a un déixarille de pasar cousas apaixonantes, porque aquilo tiña que ver cunha experiencia real. Eu viaxaba cun camionero entre Vigo e Barcelona e foi a quen lle escoitei iso... (risos). Volvémonos filosóficos por aburridos, non por outra cousa.

Aquel que se definía como 'frustrado narrador oral' en Transporte de superficie escolleira hoxe sempre o audiovisual para contar historias?

Non, non necesariamente. Sigo, no que se refire a narrativa e audiovisual, defendendo certa soberanía da expresión literaria. Non creo que unha imaxe valla máis ca mil palabras. Ao revés, que unha palabra vale máis que mil imaxes.

Como se pode salvar o abismo entre o que falas cando estás só e o que botan pola televisión?

(Risos) Supoño que falando só en todo momento. Falando só co televisor, coa neveira, coa lavadora, co coche. Non convertendo o acto de falar só nun acto onanista, senón nun máis ben desinhibido.

E se no que botan pola televisión sae un falando?

O mellor é cambiar de canal.

Dicíao para que falases un pouco de Galicia, cruce de miradas.

A televisión forma parte do noso medio e non a teñen satanizada. Creo que non é mellor nin peor ca nós mesmos, é un electrodoméstico que está aí, que convive con nós e que emite cousas con máis ou menos sentido. Por iso sempre vou e volvo á televisión. Neste caso fago un traballo directo e aparezo en pantalla de *Galicia, cruce de miradas*. Fundamentalmente ten que ver con esa necesidade de volver descubrir o país continuamente. É un programa no que aprendo moi-tísimas cousas, con Xurxo Lobato, con Felipe Senén e cos convidados que me ensinan o seu lugar de orixe. É un proxecto humilde, na medida en que quiere enriquecerse con novos coñecementos, darrile opcións ao espectador. É unha riqueza o turismo interior, moverse polo país contribúe moi-tísimas á propia autoestima. Todas as seccións que ten o programa deberían servir como senda de viaxe de calquera espectador.

Un dos proxectos actuais de Filmanova é un documental con Javier Corcuera e Fermín Muguruza sobre a música en Palestina.

Si, é un documental que xa se rodou na súa maior parte. O equipo estivo tres semanas en Palestina, con algúns problemas de mobili-



lidade na zona de Gaza. É desas experiencias que superan as expectativas, a creatividade que hai nun territorio en conflito como é Palestina é inscibel. As manifestacións tanto de música tradicional como de poesía, de rock ou hip hop están moi vivas e moi vinculadas á vida cotiá. Un *leit-motiv* dese documental é ver como, nunha realidade tan en conflito, o poeta Darwish, que estaba previsto que fose entrevistado, era un elemento de cohesión nacional. Sen que o promovésemos, todos os artistas que participaron achegan un testemuño sobre a poesía de Darwish, que tivo un enterrro case máis numeroso ca o de Arafat. Outro elemento de cohesión que ten o documental, que se estreará en marzo ou abril, é que todos os músicos achegan unha intervención nunha canción que fixo Fermín con Manu Chao.

Pensas que o cinema é hoxe a única psicanálise de masas? Ou é a psicanálise, como liamos en "After shave", un eufemismo cultural?

Posiblemente sexa un eufemismo cultural. Pero creo que o cinema é o que mellor alimenta ese apreixamento espontáneo, elemental, por parte dos individuos, ese asistir á narración sen poñer demasiado da túa parte. O cinema penetra moi ben na percepción dos individuos e das colectividades. E ten tamén un elemento de metáfora da vida, non hai un grande esforzo intelectual como coa lectura, pero cando é errático o discurso e non nos gusta algo, o tempo faise eterno. Can do visualmente trinta segundos de algo non nos interesa convertírense en trinta minutos. Coma na vida cotiá, moitas veces pásanos o tempo sen que nos decatemos e outras vivir minuto a minuto resultános un horror.

IMPRESCINDIBLES. A definición más exacta de *imprescindible* vén no dicionario. Se desculpan non citarei aquela de Brecht que aprendiamos de novos na canción cubana: de entendemos a loita como abnegada repetición dun só compromiso, o retrato deste artista transmودerno quedaría en dúas dimensións. Falamos dun explorador que naceu poeta, rozou despois ferrados sen conexión aparente e non xogou daquela á comodidade. Dícia: *imprescindible* é aquel sen cuxo nome non se dá escrito a historia desta literatura. Tampouco da videocreación, tampouco das primeiras rimas sincopadas no noso idioma, salvando Celso Emilio Ferreira; tampouco da Televisión de Galicia.

Escribir en calquera fala das Hispasias sen coñecer a obra de Antón Reixa é arriscarse a quedar colgando no poema sublime. Aínda que algún apoio lle chegou ao principio -*Historia do rock and roll* premiárase na Universidade-, a que se dixo "xeración dos oitenta" e el habitaban mundos antagónicos. Reixa pagou o que toca a quen roza monte sen ollar atrás, sendo excluído -ate que entraron os noventa- das panorámicas e dos manuais. As arestas foron luindo; o último do poeta vigués editouse na colección de poesía que dirixe Fernán-Vello.

Antes de *Látego de algas*, o testamento poético do Antón Reixa-pro-el-turbina chamouse precisamente *Escarnio*. A esa progresión mal comprendida -e poucas veces analizada- resulta agora culto procurarille antecedente af, no expresionismo medieval. Son taxidermias. Amecendo o sainete desacralizador de Curros ao moderno sirventés que axitaba Aristides Silveira e á galaxia ceibe onde viaxa ainda Manuel Antonio, só Antón Reixa, zas!, podía aparecer. Co resto da súa xeración, que está por determinar e ben se chamaría "xeración do exodo". Foron os primeiros en advertilo: a Galicia labrega de Otero fluía sen retorno polas estradas en dirección ao capital. Con Reixa apréndese que cando Marx dorme a nación engorda monstros e que a dirección reversible do tempo está en Ferrol, febreiro, 1985. Grazas a el sabemos, por palestinos, que o silencio está escrito en braille. É imprescindible saber cousas así. // Xabier Cordal

A fotocopia, coma quen di o capital queréndose clonar a si mesmo, segue sen ser o motor da historia?

É curioso como o poder en realidade é, máis que unha réplica, unha narración. Niso consiste o exercicio do poder. A fotocopia é a repetición constante, pero unha narración que simula que as cousas evolucionan, cambian, pasan, son diferentes, é o que nos fai tolerábeis as rutinas do sistema.

O primeiro que hai que reflexionar é contra quen é a guerra?

O primeiro que hai que reflexionar en todas as guerras é se vai con nós, que nos xogamos e en que medida esa guerra vai repercutir sobre nós mesmos, as nosas condicións de vida e os nosos intereses. Estes días hai unha exposición en Madrid, na Galería Thyssen, sobre

4 // proTagonista

1914, cando comeza a IGM, e o delirio daquela época. Vese como gran parte de Europa recibe entusiasta a guerra. Son moi poucos os revolucionarios que din que aquela non era a guerra dos traballadores. E efectivamente non o era, porque foi un gran masacre. O que hai que penser é se ten un gran sentido para un que haxa unha guerra.

Son equiparábeis todas as causas que non aceptan o estado de cousas actual ou debemos establecer prioridades?

Supoño que na altura da historia que vivimos, sabemos algunas cousas, polo menos por eliminación, sabemos o que non debemos facer. Sabemos que áfina que a causa sexa xusta, o emprego da violencia deforma a propria racionalidade e xustiza e xera outros problemas. Que as transformacións son inaprazábeis pero tamén que hai un certo pragmatismo que recomenda avanzar cara a elas non de forma retardataria, pero si gradual, algo que non obstaculice que logo se verifiquen esas transformacións. Somos todos cans vellos. Estamos un pouco cansados da esgazadura, e para sobrevivir, para aguantar, un idea un certo pragmatismo emotivo e sentimental.

Estes últimos tempos, o gorila fai Banco Banco Mundial en canto o caimán fai Bolsa de Wall Street?

Quen o fa dicir! De repente, o paradigma dun pensamento de transformación ten vixencia dunha forma tan obscena como agora mesmo. Sabímos que o capitalismo erainxusto, pero vendíñaseños a todos como o sistema máis eficiente. E o que estamos descubrindo e que é unha chapuza, un castelo de naipes que non garante demasiadas cousas.

Anunciachases o título do vindeiro libro, O barbeiro de Sadam. Coma todos os barbeiros do mundo, este ha ser filósofo?

Non, este (risos) simplemente é galego. É un poema narrativo que escribín para unha performance. Pónñome na situación de cando detéñen a Sadam Hussein, que aparecía naquelhas fotos con barba. Necesitaban a algúen que o afeitase, e o único que aparece é un mercenario galego que era barbeiro e sabía afeitar. Unha situación, un pretexto para contar unha historia.

O incesto inmobiliario, do que falaches, o after-shave que botaba o tal barbeiro, que era dunha marca equivocada, todo isto para chegarmos ás portadas dos xornais destes días?

Si, ademais ten que ver, no meu caso, cunha convicción ou más ben cunha cuestión de temperamento. Nunca entendín como a propiedade inmobiliaria pode excitar tanto á xente, e iso forma parte do desaste actual. Sempre tiven algo que podería interpretarse coma moi desapegado, pensar que a propiedade inmobiliaria non é un valor que mereza tanto esforzo pola nosa parte. Pero ao mesmo tempo teño unha visión moi conservadora dos cartos. Sempre pensei que os cartos en efectivo, que podes gastar en calquera momento, son mellores que os cartos especulativos. Case coma unha seguridade persoal.

Ten Antón Reixa, coma todos os galegos, sobre personalidade pero utiliza case sempre a mesma?

Si, seguro que si. É unha forma irónica de expresarnos tamén sobre a nosa propia e irónica antropoloxía, pero é así. Temos uns hábitos moi definidos, que teñen que ver cunha certa sabedoría e escepticismo e cunha certa teimosía.

Querería ás veces ser doutro sitio?

Non (risos), sinceramente, a única xeografía e etnia do mundo que espertou o meu soño foi Groenlandia e os inuits. Pero fóra diso, síntome moi de acordo coa miña natureza de galego.

Por que Groenlandia?

Vén desde moi neno, supón que alentado por todas as fantasías das aventuras polares, e logo levado por un certo indixenismo. A actual poboación esquimó vive nunhas circunstancias que, incluso a un nivel extremo, expresan o contraste entre tradición e modernidade no que vivimos os galegos. Son xente que necesita seguir matando focas, como nós matamos o porco, pero de repente viven machacados porque metabolicamente o alcohol é algo recente e estao convertendo nunha colectividade alcólica. Son unha cultura do frío e as casas prefabricadas e a calefacción está destruíndo o seu hábitat.

A ironía é nos teus libros anteriores elemento imprescindible para dar conta do mundo. Un medio pensionista non é o 50% dun pensionista. "Pensionismo ou barbarie" explica ba este país en 1986. E hoxe?

Sigo pensando o mesmo, obviamente hai unha renovación biolóxica (risos) e os que eran vellos na década dos setenta ao mellor xa non están entre nós. Hai unha tendencia demográfica dos galegos e galegas a reproducirse pouco. É a potenciación máis vella de Europa. Teremos que empezar a convivir con esta constatación demográfica, somos un ben ou mal escaso.

Sobre a situación do país, díciades en "Rockin' chair" anyway here we are, así a todo aquí estamos.

Preguntas pola situación política?

E social.

Teño moi presente no meu día a día que agora é cando realmente a miña xeración e as inmediatas chegamos ao poder e podemos exercelo. E teño dúas sensacións, penso que compartidas por moita xente. Que ocorreu demasiado tarde e que os cambios van máis amodo do que nós quixésemos. As cousas non pasaron cando deberían ter pasado, a hipertrofia e supervivencia da dereita conservadora no poder foi moi perversa.

Que cres que cambiaría que tivese sido antes?

Primeiro, que teríamos oportunidade de constatar como se podían verificar eses cambios. Logo o fraguismo nos levou a todos a negativizar a política, e a saber vivir cunhas especies de cuncha que nos distanciaba, porque sabíamos que repercución demasiado pouco na mellora das nosas vidas. Ese distanciamiento da política en positivo impidéronos ver que hai formas de intervención necesarias e hixiénicas. Colapsámonos moito ao blindarnos fronte ao poder. Pensa que en Galicia o fraguismo eclipsaba a vida social. Fraga pudo a inaugurar un concesionario de coches ou unha sucursal bancaria nun barrio, co cal nos refuxiamos moito na vida individual. Desconfiabamos moito das accións e das mobilizacións que significan poser a máis de dúas ou tres persoas de acordo. E iso é negativo.

Non publicabas un libro desde 1999 pero todos os anteriores levan tempo esgotados.

Isto non é habitual nin sequera nas tiraxes pequenas de poesía. Como o valoras?

Significa que son pequenas (risos). Descatalánse cando se acaban as primeiras edicións. Percibo o meu ritmo de publicación literaria moi á parte da miña actividade normal. Vivo un ritmo absurdamente frenético, fundamentalmente na empresa audiovisual, no que todo é para xa e as susextiñas ás veces son inútiles. E prodúcemse un efecto balsámico pensar que os libros están aí, publicáñse unha vez e poden reeditarse, se é que alguém repará niso. Eu podo seguir mentres escribindo, teño polo menos dous libros metidos no caixón e a ver cando os publico.

Pensastes, ti ou as editoras, en reeditar algún deles?

Si, pero imaxino que todo pasará un pouco por casualidade. *Látego de algas* publiqueño porque me encontre nun avión con Miguel Anxo Fernán-Vello, debe haber tres ou catro anos, e preguntoume se tiña algún libro para publicar. Díxelle que si, un de poemas de amor que se chama *Látego de algas*, e el, "ah, que bonito o título". Aí quedou ata que me acordei en maio e mandelle o arquivo electrónico a Miguel Anxo, que foi moi xeneroso e eficaz. Tamén aí hai outro contraste entre o mundo literario e audiovisual, no que eu vivo. No mes de agosto xa estábamos presentando o libro, con ilustracións de Francisco Leiro, con prólogo de Yolanda Castaño. Por iso non teño nada planificado.

Falaches de minimalismo para este Látego de algas, escribes por primeira vez sen o apoio da imaxe ou da música. Como foi esta elección?

Cando falo de minimalismo fago unha autoreflexión. Agora son moi consciente de que cando empecei a escribir trataba de explicar o mundo, a vida e Galicia en cada verso, e iso supón unha tensión especial. Aquí partía da base de interpretar só o desexo. E abro aí un discurso que ten que ver incluso coa miña última película, *Hotel Tívoli*. Posiblemente a pulsión que nos fai vivir é o desexo de ter desexos, sen desexos non poderíamos vivir. Nese sentido, fun más minimalistax, más humilde nos obxectivos do que quería escribir. Logo profesionalmente cada día estou máis ocupado e non tiven opción a embarullar isto máis con outros soportes audiovisuais.

As pilas do megáfono

Poesía Dicción acomodada e compracida co soporte libro

Non é accesorio que quen isto escrebe declare nos-talgia por un poeta que hoxe xa non se reconoce. Directamente, perigosa nostalxia do tempo, que un non viviu, en que Antón Reixa probou a alongar as redes do poético até onde a palabra e a performance (na Galiza) se deixaron estriar. El, e máis, facían poesía para o megáfono e contra o Estado (de cousas). Alicerzábaxe a plataforma do contrahexómico, introducíase a contradición, o ruído e a molestia naquelas lameiras. A superación do punk e do underground, enredados nunha lucidez atronadora, radical e insubornábel. E só Reixa soubo manter traxectoria tal durante vinte anos (*Escárnia*, 1999).

Este *Látego de algas* acomódase ben ao soporte libro. Encaña ben, sen dúbida, no espazo paratextual e editorial en que se inscribe. Por moito que esta última achega de Reixa sexa, fundamentalmente, un libro de poemas de amor, cal-

querá que lera algúna vez un libro do artista pensará (esperá, seguramente) na alternatividade, na exhibición de fórmulas distintas para, se cadrá, disposicións outras de imaxinar (literaria; quero dicir: políticamente) o misterio que tanto nos preocupa a todas. Quen soubo da audacia de Reixa procurará o rastro dunha dama con piollos patos, ou cousa parecida para o século XXI. E entón non se dá sabido se o fácil era corresponder as expectativas ou quebralas para aportar nalgunhas.

Reixa representou coma ninguén a heterodoxia discursiva e positional para unha época socioliteraria. Esa na que se pensaba que Galiza estaba a tempo de grandes conquistas. Descria os procesos dominantes, abominaba da poesía acristalada, integraba as contradicións sangrantes. Producía e destruía. E facía reais as prácticas para a vanguarda e para a esquerda. Unha cometida extraparlamentaria (tamén a literaria) e periférica (sobre todo, a política).

Na poesía de *Látego de algas* sobrevive, por veces e no medio da mornura, a arideza análoga ás expectativas que a traxectoria do autor conformara (exceptuando, claro está, as súas tomas de posición no sector cinematográfico): "Tocar as cousas que me dás / Zapatos novos, discos apacibles / Comerme as moléculas de aire que respiras / Galletas de ti / Croquetas para can / De ti". Esa audacia non procede, precisamente, da recorrenza aos recursos máis recoñecíbeis e personalizados por Reixa, condutentes maiormente á configuración dun ritmo acumulativo, desbordante e persistente. Si procede, por

contra, da (re)construcción dunha sensibilidade, un intelecto e un imaginario baseados na contradición e no conflito (véxase a sección "Cabezas de vento"). Nas bases para pensar/inventar un sitio distinto de nome Galiza. Ben, Galicia, creoo.

Está representada neste libro unha dicción acomodada e, nunha dimensión temática radicalmente aberta a todas as modulacións discursivas e ideolóxicas, maiormente previsible e, por iso mesmo, inofensiva, átona. Tamén o sería, desde logo, a perseveranza nas configuracións de vanguarda ideadas para outro tempo e non tanto contra outros poetas. Falta determinar até qué punto *Látego de algas*, como intervención no espazo literario galego, ocupa unha posición homóloga ás posicións políticas antes extraparlamentarias e agora non. E preguntarse, en todo caso, que poetas hai hoxe neste sitio menos distinto para pór en acción a depuradora da vieira e a cloratita do monte Gaiás. Para instalar, en fin, a máquina da verdade na porta do Parlamentíño. // Isaac Lourido

Látego de algas
Antón Reixa · Espiral Maior, 2008 ·
96 páx · 16 euros



O teu discurso anterior incorporaba a tradición e ampliaba as marxes da lingua xe poética. Neste último libro voltas a ollada cara aos lugares da lírica. Como se configuro esta aposta?

Dunha forma moi espontánea. O outro día en *Líbro abierto*, o programa que presenta Manolo Romón, díxelle alí de forma impersonal que un amigo adoitaba dicirme que eu escribía os poemas como se lle escribisse cartas a outro amigo para contarlle algo. Ese amigo era Romón (riso). Recordei esa austeridade. E a necesidade de dirixirlle eses poemas a alguén fixo me escribílos dunha forma moi natural.

Trataches de escribir quizais á marxe da tensión entre o discurso previsible, o que se espera dun libro de Antón Reixa, e a posibilidade de que os lectores non te reconozan neste libro?

Nin o pensei. Hai moitos anos que estou moi cansado dese tal Reixa. Paréceme un tipo un pouco prosmo.

Como se foi creando -xa dixeches que de maneira natural- esa distancia co teu traballo anterior, acumulativo, psicofónico, conservado aquíalgún dos ruidos da sección "Cabezas de vento"?

Supoño que inflúe que nese proceso co-escribín o guión de dúas películas, e dirixinas, e iso levoume a diversificar a expresión literaria e a ser austero, como che dicía. É como se torrencialmente as inquietudes audiovisuais se canalizasen cara ao meu traballo en cine e así se purificase más a escrita. Á está unha das sensacións que me perseguen, no meu traballo teño que ler moitos guións para ditaminar se teñen interese. Amólame que mentres leo guións non leo outra cousa, e iso modifica moito a miña axenda de lecturas. Tamén cada vez escribo más en prensa, e gústame moito, pero orixináme unha tensión que filtra más o que escribo literariamente. Unha parte das necesidades expresivas cóbrese por aí e outra vaise depurando más cara á literatura.

Penso na vontade contrahexómica da túa poética, e estamos agora ante un libro que é inequivocablemente poesía amorosa. Ten que ver con que pensachess que a magnolia deixou de ocupar ese centro?

Non, é unha cuestión máis autobiográfica.

Cales foron os autores ou discursos que peñaron para compor este libro?

Directamente non o sei. Gústame citar as cousas de poesía que lin ultimamente, interésanme moitísimo os poemas de Chus Pato,



os de Daniel Salgado, a narrativa pero sobre todo os poemas de Fernández Mallo –foi un descubrimento–, interesoume certa parte da obra de Yolanda Castaño, lin moi intensamente a Nicancor Parré e a Joan Brossa nessa época. Un texto poético que me chamou moitísimo a atención foi *Derradeiras conversas co capitán Kraft* de Oriana Méndez. Xa estou nunha idade, 51 anos, na que as influencias funcionan más por sedimento e acumulación que por impacto inmediato.

Nomeas sempre a Ferrín como mestre ainda que ocupades espazos poéticos aos que hai que achegarse con vagar para ver onde se tocan. Non sei se o ves así.

Menciono a Ferrín porque foi o meu profesor de literatura e o profesor do meu punto de vista cultural. Con el descubrí a literatura en galego pero fundamentalmente a modernidade

artística. E iso é o que comarto con el. Aínda que agora nos frecuentamos menos, vivimos en ciudades distintas. Ferrín é para mim o último membro da Xeración Nós. É un tipo cunha curiosidade intelectual e unha sensibilidade interdisciplinar inmensas. Nese sentido, é un intelectual plenamente moderno. Iso é o que me transmitiu a mim, que tiven ademais a fortuna de ser alumno seu, de literatura.

Preguntábase tamén pola recepción, pola idea que temos os lectores das dúas poéticas.

Esteticamente somos moi diferentes.

Claro.

Creo que hai algo que nos aproxima, por razones diversas: os dous practicamos un certo descoido pola nosa carreira literaria. Nunca deixamos de escribir pero non orientamos, nin facemos estratexias. Deixamos que as

cousas ocorran. Supoño que esa flexibilidade eu a aprendín con el. Pero é obvio que esteticamente son propostas moi diferentes.

Pero non politicamente, ou nunha lectura sociolóxica?

Terían en común un certo expresionismo. E politicamente, a melancolía de cada un instalouse en puntos de vista un pouco diferentes. Pero segue sendo unha melancolía radicalmente galeguista.

E outros referentes? Autores que releas ao cabo dos anos ou que foses descubrindo?

Nos últimos anos lin moi intensamente e ademais tiven a fortuna de coñecer a Paul Auster. Volvíngome a reencontrar con Kafka e Beckett, autores que me interesan moitísimo desde moi novo. E é a primeira vez que leo con certa voracidade literatura actual, sobre a que hai un certo prexuízo. Devoro os libros de Murakami, con moitos lectores no mundo.

E entre os teus compañeiros na poesía última? Con quen sentes que podes compartir proxecto?


Os proxectos poéticos son individuais. Non se comparten propostas estéticas, ao mellor si posicionamentos éticos ou sociolóxicos. Eses si poden conformar xeracións. Falabas dos escritores que nacemos na segunda metade dos 50, persoas que nalgún dos casos non coñezo pero coas que si podo compartir certas determinacións sociolóxicas, certos principios éticos. Pero a expresión literaria, sobre todo na poesía, é un camiño sempre individual.

Aínda que non o vexas como proxecto, supón que si sentes a túa voz próxima da doutra xente que escribe agora.

Teño unha certa compracencia de vello de pensar que tanto na poesía como na música o tempo me vai dando a razón. Iso consola moi tanto porque sempre pensei que a cultura e creación da xente máis nova ca min era mellor. E así como parte das miñas propostas poéticas e musicais puideron ser controvertidas no seu momento, co tempo hai unha validación de sas posturas. Iso nun contexto como o da cultura galega, que ten agora algo moi positivo. Antes a literatura galega era case un xénero en si mesmo e agora é moi diversa.

Á parte do que contabas d' *O barbeiro de Sadam*, engades algo sobre os libros que tes sen publicar?

Volverei a certo expresionismo satírico. A King-kong (risos).



Xesús Constela

SHAKESPEARE
DESTILADO
COLECCIÓN LITERARIA

Un xogo coa literatura, unha novela cómplice do lector.

Premio García Barros 2008

www.editorialgalaxia.com



Inma López Silva

MEMORIA DE CIDADES
SEN LUZ
COLECCIÓN LITERARIA

A vida no límite, unha historia do exilio en primeira persoa.

Premio Blanco Amor 2007

